



NORMATIVA

Préstamo de lectores de libros electrónicos ou tabletas

A Biblioteca *Frei Martín Sarmiento* da EOI de Pontevedra, dentro do Plan de mellora das bibliotecas escolares de Galicia (Plambe) pon a disposición dos/as usuarios/as un servizo e préstamo de lectores de libros electrónicos Sony T2 e tabletas Kindle Fire.

Poderán solicitar o empréstimo todo o alumnado, profesorado e PAS que estea en posesión do carné da biblioteca.

Os dispositivos retirados en empréstimo destinaranse exclusivamente para os usos e fins académicos vencellados ao estudo e investigación.

Condições e duración do préstamo

O/a usuario/a poderá levar o lector de e-books durante **10 días**, sen **posibilidade de renovación**, debido a elevada demanda destes lectores.

No momento do empréstimo, o/a usuario/a recibirá o lector de e-books ou tablet solicitado, a funda protectora, o cable de conexión e o cargador. Por súa vez, o usuario deberá asignar a folla que explicita as condicións especiais deste empréstimo e a súa aceptación.

Sancións

- En caso de **incumprir os prazos** de devolución establecidos **sancionárase co mesmo número de días que os días en atraso**.
- En caso de **extravío, destrución ou deterioro do lector de e-books, tablet ou de calquera dos seus compoñentes** adoptaranse as medidas de **suspensión do préstamo e do resto dos servizos da biblioteca ata a reposición do dispositivo** por outro de iguais características ou, de ser o caso, **reparar os estragos** causados.
- **Se a reposición** ou, no seu caso, a **reparación** dos estragos causados ao lector de e-books ou tablet **non se levase a cabo**, o responsable do servizo trasladaralle a devandita incidencia ao **Consello Escolar** para que **adopte as medidas** que considere oportunas.
- As anteriores medidas adoptaranse sen prexuízo da eventual esixencia de responsabilidade disciplinaria, civil ou penal en que puidese incurrir o/a usuario/a.

Compromisos

- Os **dispositivos deben devolverse acesos, con todos os seu compoñentes** en perfecto estado e con todos os accesorios empréstados para o persoal da biblioteca poder comprobar, en presenza do/a usuario/a, que se devolven en perfectas condicións.
- **O/a usuario/a, coa sinatura do recibo do préstamo, comprométese a cumprir todas as condicións establecidas.**
- **O/a usuario/a é totalmente responsable do equipo prestado, da súa custodia e coidado** durante o período do préstamo e comunicará calquera anomalía ou mal funcionamento deste ao responsable do servizo.
- **O/a usuario/a non poderá manipular nin o hardware nin o software** instalados no lector de e-books ou tablet.
- **A biblioteca non proporciona dispositivos de almacenamento de datos nin tampouco se fai responsable da perda de información** que se puiden producir.
- **O mal uso deste servizo suporá a perda da condición de usuario/a da biblioteca e tomaranse as medidas disciplinarias e legais oportunas.**

LEMBRA QUE...

Unha vez entregado o dispositivo reconfigúrase e restáurase ao seu estado inicial. Iso supón eliminar o historial, posibles descargas que non fosen eliminadas polo usuario/a anterior, desinfección de virus ou posibles modificacións na configuración do sistema. Con iso pretendemos preservar a privacidade entre os distintos/as usuarios/as e manter en perfectas condicións de uso os dispositivos.

Grazas pola túa colaboración!



EOI de Pontevedra
Biblioteca Frei Martín Sarmiento
plambe.eoipontevedra@gmail.com

